



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

Xefatura Territorial de Vigo
Servizo de Emprego e Formación

Concepción Arenal, 8 - 2.ª Planta
36201 Vigo
Teléf.: 986 817 062
Fax: 986 817 621



BASES DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DE EMPREGO MAIV GARANTÍA XUVENIL 2015.

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo artigo 11º da orde do 21 de xaneiro de 2015 (DOG 27-01-2015) da Consellería de Traballo e Benestar que establece as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio do citado proxecto, promovido pola Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo e subvencionado pola antedita consellería.

Segunda. Características das prazas

As bases desta convocatoria establécense co fin de que os aspirantes, que accedan ás prazas convocadas, posúan as condicións precisas para desempeñar con eficacia as diversas funcións específicas que levan consigo os postos de traballo expostos.

As persoas seleccionadas para desempeñar os postos de dirección, docentes e persoal de apoio percibirán as retribucións que se sinalan no proxecto elaborado pola entidade promotora do mesmo, conforme á normativa xurídica aplicable, sen que poidan participar na distribución de fondos, nin percibir retribucións distintas ás establecidas.

Terceira. Prazas ofertadas e funcións dos postos de traballo

As prazas que se convocan son:

a) Experto/a docente:

Especialidade	Xornada
DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS CON TECNOLOXÍA WEB	Completa
OPERACIÓNS, GRAVACIÓN E TRATAMENTO DATAS E DOCUMENTOS/ OPERACIÓNS AUXILIARES SERVIZOS ADMINISTRATIVOS	Completa



galicia

0/03



b) Dirección a xornada completa

Unha vez iniciado o proxecto, con carácter xeral, procederase á contratación (a tempo parcial) de:

- Docente de Alfabetización informática.
- Docente de Sensibilización Ambiental.
- Docente de Prevención de riscos laborais.
- Docente de Orientación, información profesional e formación empresarial.
- Docente de Educación Básica.
- Docente de Sensibilización en Igualdade de xénero.

Todos os docentes de materias complementarias estarán suxeitos ao disposto nas presentes bases, coas salvidades previstas.



Cuarta. Requisitos do equipo directivo e docente e de apoio

Os interesados en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Requisitos:

- 1 Ter cumpridos 18 anos e non ter alcanzado a idade de 65 anos.
- 2 Estar en posesión dos requisitos mínimos esixidos para o posto que se solicita, de acordo co indicado no **Anexo I**, na data na que se inicia o prazo de presentación de solicitudes (prazo da tramitación da oferta de emprego na correspondente oficina de emprego).
- 3 Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- 4 Para **acreditar a experiencia docente** requirida, aplicarase o previsto no Real decreto 34/2008 do 18 de xaneiro, no seu artigo 13.a), 13.b) e 13.c): o docente ten que estar en posesión do certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego. Do requisito establecido neste punto estarán exentos:
 - Titulacións universitarias oficiais de licenciado en Pedagogía, Psicopedagogía e de Mestre.
 - Titulación universitaria co Certificado de Aptitude Pedagóxica.
 - Aqueles docentes que acrediten unha experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas nos últimos dez anos en formación profesional para o emprego a do sistema educativo.
- 5 Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á praza convocada.
- 6 Estar en condicións de incorporarse ao posto de traballo na data do inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.

b) Méritos: estarase ao previsto nos baremos anexos a estas bases.



0/03



A posesión destes requisitos mínimos condicionarán a admisión dos candidatos ao proceso selectivo, polo que non poderán ser obxecto de valoración posterior en ningunha das fases a desenvolver.

Únicamente serán baremados os currículos dos aspirantes que reúnan os requisitos para cada posto.

En todo caso, os aspirantes deberán posuír os requisitos ou estar en condicións de obtelos na data na que remate o prazo de presentación da documentación por parte dos candidatos.

No caso de que non se acade o número de candidatos previsto na base 6ª, o equipo de selección poderá, de maneira extraordinaria e con validez unicamente para o proceso de que se trate, modificar os requisitos esixidos co fin de acadar candidatos suficientes. No caso de non atoparse candidatos que cumpran os requisitos mencionados procederase a publicar a correspondente oferta de emprego.

Quinta. Sistema de admisión de candidatos: oferta de emprego tramitada na oficina de emprego.

1. O sistema de admisión de candidatos será o de oferta de emprego tramitada na correspondente oficina de emprego. Na dita oferta de emprego adecuarase o perfil das persoas candidatas aos baremos que se acompañan a estas bases. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na oficina de emprego preferentemente como demandantes de emprego e subsidiariamente como demandantes en mellora de emprego.

2. A dita oferta, que será elaborada polo grupo de traballo mixto, tramitarase a partir do vindeiro **22/07/2015**. Esta data non será de aplicación no caso de *docentes de materias complementarias* dado que a súa oferta será presentada con posterioridade o inicio do proxecto de obradoiro de emprego.

3. Os parámetros da sondaxe serán:

a) **Ámbito xeográfico: os concellos da área da Mancomunidade da área intermunicipal de Vigo (Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Pazos de Borbén, Redondela, Salceda de Caselas, Soutomaior e Vigo,) ata o ámbito provincial.**

a) **Número de candidatos a remitir: cinco por posto, que acrediten os requisitos mínimos establecidos para cada un dos postos convocados.**





4. A oficina de emprego convocará aos candidatos que resulten da dita sondaxe e lles comunicará a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos seus méritos.

Os candidatos preseleccionados pola oficina de emprego, xunto coa solicitude deberán presentar, a seguinte documentación:

- a) Curriculum vitae no que se especifiquen os seguintes apartados:

- Datos persoais
- Titulacións académicas
- Cursos recibidos de metodoloxía didáctica ou C.A.P., especificando o número totais de horas, segundo o establecido na base quinta, apartado a), punto 4.
- Cursos recibidos relacionados coas materias da praza á que aspira, especificando número de horas
- Experiencia profesional, especificando duración do contrato e tipo de xornada
- Experiencia docente especificando duración do contrato e tipo de xornada

- b) A titulación académica e os cursos recibidos acreditaranse presentando os orixinais ou fotocopias debidamente cotexadas.

- c) A experiencia profesional acreditarase mediante certificado de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social, ou contrato ou certificado de empresa. Tamén serán válidas as certificacións de servizos prestados expedidas por calquera Administración Pública. No caso de traballadores por conta propia, a experiencia acreditarase mediante Vida Laboral e fotocopia cotexada de alta e baixa no imposto de actividades económicas.

Nota

- Soamente valoraranse os cursos cunha duración mínima de 30 horas.
- Os cursos que non veñan especificados o número de horas e o seu contido non serán obxecto de valoración.





- **Salvo referencia expresa no título, diploma ou certificado, un crédito académico equivale a 10 horas.**
- **Aqueles méritos que non estean debidamente acreditados no momento da presentación das solicitudes, ou formen parte dos requisitos mínimos de acceso ao posto, non serán obxecto de valoración.**

Sexta. Procedemento de selección de candidato/as.

O sistema de selección constará de dúas fases, a primeira consistirá nunha valoración de méritos dos candidatos preseleccionados, e a derradeira consistirá nunha entrevista de carácter persoal.

A primeira fase consistirá na valoración dos méritos incluídos no Curriculum dos candidatos por parte do grupo de traballo mixto, co arranxo aos baremos establecidos no **Anexo I**.

A puntuación desta fase será un 65% da baremación e terá carácter eliminatorio. Superarán esta fase os 3 candidatos que obtiveran a maior puntuación. Por acordo do grupo mixto, poderase aumentar ata 5 o dito número de candidatos.


A relación provisional do grupo de traballo mixto, coa relación das puntuacións provisionais dos candidatos, exporase no taboleiro de anuncios da Entidade Promotora, da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar en Vigo e da oficina de emprego correspondente. Nesta relación figurará o prazo que se concede para formular alegacións.

A relación definitiva do grupo de traballo mixto cos aspirantes que superasen esta fase, exporase no taboleiro de anuncios da Entidade Promotora, da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar en Vigo e da oficina de emprego correspondente. Nesta acta figurará a data e hora para a realización da entrevista persoal. Con carácter xeral, a entrevista realizarase nas dependencias da Xefatura Territorial. Os candidatos convocados deberán acudir provistos do DNI ou documento substitutivo.

A segunda fase consistirá nunha entrevista de carácter persoal cos candidatos que superaron a primeira fase. A entrevista valorarase de 1 ata 10 puntos, correspondéndolle un 35% da puntuación total.

A cualificación definitiva do proceso selectivo, para os candidatos que superaron as dúas fases, será a suma das puntuacións obtidas en cada unha delas. No caso de empate, dirimírase seguindo o seguinte criterio :

1º O **meior tempo acreditado como desempleado**. Se persistira o empate



0/03



2º A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ ou coñecementos, de terse realizado.

3º A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.

4º De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.

5º A puntuación correspondentes ás titulacións complementarias.

6º A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.

7º A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.

Séptima. Contratación.

1 A entidade promotora estará obrigada a contratar o aspirante que, obtendo a maior puntuación final, fose proposto polo grupo de traballo.

2 As puntuacións da entrevista persoal, as finais e os nomes dos candidatos propostos para seren contratados pola entidade promotora e os dos integrantes da lista de reserva a que fai referencia a base decimo cuarta, publicaranse nos taboleiros de anuncios da entidade promotora, Xefatura Territorial e oficina de emprego.

Oitava. Lista de reserva

1. Rematado o proceso selectivo, o grupo de traballo elaborará unha lista de reserva, cunha validez **dun mes**, integrada polos candidatos que, tendo superadas tódalas fases da selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás do proposto para ocupar a praza obxecto da convocatoria.

Esta lista empregarase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade polo inicialmente seleccionado.

2. No suposto de que a lista de suplentes esgotárase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, poderase utilizar (a criterio do grupo de traballo mixto) a relación de candidatos que tendo puntuación na fase de baremación do currículo non foran chamados a entrevista, proseguindo co procedemento establecido nestas bases.

3. De non haber candidatos, iniciarase un novo procedemento selectivo.





4. No caso de *docentes de materias complementarias*, a lista de reserva terá validez ata fin de proxecto.

Novena. Incidencias e reclamacións

1. De conformidade co establecido no artigo artigo 13º da orde do 21 de xaneiro de 2015 (DOG 27.01.2015)) da Consellería de Traballo e Benestar que establece as bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións para os programas de obradoiros de emprego promoción, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións públicas, aínda que a entidade promotora do proxecto formativo sexa un organismo público.

2. O grupo de traballo mixto resolverá as incidencias e reclamacións que puidesen derivarse do proceso de selección, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Vigo, 22 de xullo de 2015

Asdo.: José Manuel Pérez Fernández

Asdo.: Sandra Santos Millet

Asdo.: Sonia Estrada Bañez

Asdo.: Ezequiel Fernández Carpintero



BAREMO PARA A SELECCIÓN DE POSTO DE DIRECCIÓN DE OBRADOIROS DE MOCIDADE

FUNCIÓNS

1	Coordinación xeral dos medios humanos e materiais do obradoiro de emprego
2	Xestión e supervisión económica do proxecto no seu conxunto, tanto nos seus aspectos formativos como de obra ou servizo.
3	Realizar, en coordinación cos docentes e tendo en conta as actuacións a realizar, as planificacións didácticas e de avaliación.
4	Supervisar a formación do alumnado - traballador e a labor educativa do persoal docente
5	Supervisa-los informes individualizados de avaliación e as actas de avaliación
6	Determinar, en coordinación cos docentes, os medios e materiais didácticos a empregar e supervisar as probas de avaliación que éstos elaboren
7	Organizar, de se-lo caso, programas específicos para a ESO, especialmente mediante a preparación para as probas de acceso correspondente.
8	Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado - traballador.
9	Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo. Responsabilizarse de que se imparta a formación necesaria en prevención de riscos laborais.
10	Controlar a asistencia e puntualidade de todo o persoal do obradoiro e o cumprimento das súas obrigas.
11	Facilita-la inserción laboral do alumnado - traballador
12	Facer un seguimento do alumnado-traballador mediante titorías individuais e grupais.
13	Elaborar un informe mensual de incidencias e demais documentación administrativa que lle sexa requirida.

REQUISITOS MÍNIMOS

Os requisitos mínimos de entrada non serán obxecto de valoración posterior

- a Titulación universitaria media.
- b Haberá de acreditarse ter realizado unha formación mínima de 60 horas en metodoloxía didáctica.
- c Experiencia profesional de 24 meses: en DIRECCIÓN EN ENTIDADE PÚBLICA OU PRIVADA (excluíndo direccións técnicas e facultativas) , TÉCNICO DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (agás funcións de orientación e docencia) , ou XESTOR DE FORMACIÓN.

TITULACIÓN ACADÉMICA

Superior á esixida como requisito mínimo

Puntuación
unitaria

0,20

Puntuación
máxima
apartado

0,20

ESPECIALIZACIÓN**FORMACIÓN PEDAGÓXICA**

Certificado de profesionalidade de "Docencia da formación profesional para o emprego" (SSCE0110)

Master en Pedagogía do profesorado ou Certificado de Aptitude pedagóxica (CAP)

Outros cursos de metodoloxía didáctica ou formación ocupacional de duración superior a 100 horas

Outros cursos de metodoloxía didáctica ou formación ocupacional de duración superior a 30 horas

Puntuación
unitaria

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

Puntuación
máxima
concepto

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

Puntuación
máxima
apartado

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

CURSOS RELACIONADOS CO POSTO**Formación e Orientación Laboral (mínimo 35 horas):**

Cursos de 35 a 99

Cursos de 100 a 299

Cursos de 300 a 599

Cursos a partir de 600

Formación en xestión económica

Cursos de 30 a 99

Cursos de 100 a 299

Cursos de 300 a 599

Cursos a partir de 600

Formación en recursos humanos

Cursos de 30 a 99

Cursos de 100 a 299

Cursos de 300 a 599

Cursos a partir de 600

Outros cursos relacionados co posto

Cursos de 30 a 99

Cursos de 100 a 299

Cursos de 300 a 599

Cursos a partir de 600

Seguridade e saúde laboral: Só se valorará o grado superior alegado

Curso básico de riscos laborais

Curso intermedio de riscos laborais

Curso superior de riscos laborais

Puntuación
unitaria

0,10

0,20

0,30

0,40

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

Puntuación
máxima
apartado

0,10

0,20

0,30

0,40

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

0,10

COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO: Só se valorará o grado superior alegado

Diploma de iniciación á lingua galega ou equivalente
 Diploma de perfeccionamento de lingua galega ou equivalente
 Outros de grado superior ao anterior

0,00	0,00
0,00	0,00
0,00	0,00

EXPERIENCIA PROFESIONAL NOS ÚLTIMOS 10 ANOS

Acreditarase a través da certificación oficial da vida laboral e copia de contratos onde consten as tarefas realizadas, nóminas, IAE (alta e actualizacións)

Funcións directivas nas EO/CO/OE
 Funcións titoriais nas EO/CO/OE
 Funcións directivas (non técnicas ou facultativas) en entidades públicas ou privadas
 Outras tarefas de xestión en entidades públicas ou privadas
 Experiencia profesional na área de emprego ou formación

Por mes	Puntuación máxima concepto	Puntuación máxima apartado
0,00	0,00	0,00
0,00	0,00	0,00
0,00	0,00	0,00
0,00	0,00	0,00
0,00	0,00	0,00

EXPERIENCIA PROFESIONAL NO RESTO DA SÚA VIDA PROFESIONAL

Acreditarase a través da certificación oficial da vida laboral e copia de contratos onde consten as tarefas realizadas, nóminas, IAE (alta e actualizacións)

Funcións directivas nas EO/CO/OE
 Funcións titoriais nas EO/CO/OE
 Funcións directivas (non técnicas ou facultativas) en entidades públicas ou privadas
 Outras tarefas de xestión en entidades públicas ou privadas
 Experiencia profesional na área de emprego ou formación

Por mes	Puntuación máxima concepto	Puntuación máxima apartado
0,00	0,00	0,00
0,00	0,00	0,00
0,00	0,00	0,00
0,00	0,00	0,00
0,00	0,00	0,00

DESEMPREGO

Por atoparse en situación de desemprego (non mellora de emprego)

Puntuación unitaria	Puntuación máxima apartado
0,00	0,00

Baremo selección posto de experto docente de obradoiros de emprego.

Funcións:

As persoas candidatas seleccionadas encargaranse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como Mestres das súas especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional dos /as alumnos/as traballadores/as.

Elaborar xunto co/a director/a , a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.

Desenvolver e cumprir a impartición do programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas co contido.

Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.

Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.

Requisitos mínimos:

- Nivel académico: os establecidos no RD 682/2011 do 13 de maio que regula o certificado de profesionalidade da especialidade que se vaia a impartir.
- A experiencia profesional esixida nos certificados de profesionalidade para a impartición de docencia en horas efectivas traballadas.
- Para a **acreditación da competencia docente** requerida, aplicarase o previsto no RD 34/2008 do 18 de xaneiro no seu artigo 13.a), 13.b) e 13.c): o docente ten que estar en posesión do certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego.

Do requisito establecido neste punto estarán exentos:
Titulacións universitarias oficiais de licenciado en Pedagogía, Psicopedagogía e de Mestre.

Titulación universitaria co Certificado de Aptitude Pedagóxica.
Aqueles docentes que acrediten unha experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas nos últimos dez anos en formación profesional para o emprego a do sistema educativo.

Os requisitos mínimos de entrada non serán obxecto de valoración posterior.

1.- Titulación académica:

1.1 Titulación (no caso de ter máis dunha das titulacións requiridas) 1,00

A puntuación máxima neste apartado é de **1,00 puntos**.

2.- Especialización (relacionada co posto nos últimos 10 anos):

2.1 Cursos relacionados co posto

Cursos de 30 a 99 horas.....	0,10
Cursos de 100 a 299 horas.....	0,20
Cursos de 300 a 599 horas.....	0,40
Cursos a partir de 600 horas.....	0,60

A puntuación máxima neste punto é de **1,50 puntos**.

2.2 Seguridade e Saúde Laboral. **Só valorarase o grao superior alegado**

Básico xeral	0,10
Medio	0,40
Superior	0,60

A puntuación máxima neste punto é de **0,60 puntos**

A puntuación máxima neste apartadoado 2 de **especialización** é de **1,85 puntos**.

3.- Formación pedagóxica

3.1 CAP 0,25

A puntuación máxima neste apartado é de **0,25 puntos**.

4.- Experiencia profesional Relacionada co posto

4.1.A. **Nos últimos 10 anos e acreditada a través de certificación oficial de vida laboral máis copia de contratos ou nóminas onde consten as tarefas realizadas, e IAE (alta e actualización) nos autónomos.**

4.1 Experiencia Docente en E.O/C.O/O.E na especialidade

Por cada mes 0,08..... 5,50

4.2 Experiencia Docente en F.P.O ou Regrada con maiores 16 anos,

Por cada mes 0,07..... 3,50

4.3 Experiencia profesional

Por cada mes 0,07..... 4,50

4.4 Carné Profesional, Carta de Artesán (da especialidade)

Por cada un 0,025.....	0,50
4.1 B. No resto da súa vida profesional e acreditada a través de certificación oficial de vida laboral máis copia de contratos ou nóminas onde consten as tarefas realizadas, e IAE (alta e actualización) nos autónomos.	
4.1 Experiencia Docente en E.O/C.O/O.E na especialidade	
Por cada mes 0,04.....	2,75
4.2 Experiencia Docente en F.P.O ou Regrada con maiores 16 anos,	
Por cada mes 0,035.....	1,75
4.3 Experiencia profesional	
Por cada mes 0,035.....	2,25
4.4 Carné Profesional, Carta de Artesán (da especialidade)	
Por cada un 0,0125.....	0,25
A puntuación máxima neste apartado é de 6,55 puntos	

5.- Coñecemento do idioma galego

5.1 Diploma de Iniciación á Lingua Galega ou equivalente.....	0,05
5.2 Diploma de Perfeccionamento á Lingua Galega ou equivalente.....	0,10
5.3 Outros de grado superior ao anterior.....	0,25

A puntuación máxima neste apartado é de 0,25 puntos. Só valorarase o grado superior alegado.

6.- <u>Desemprego Non melloras de emprego</u>.....	0,10
---	-------------